



Concello de Bueu

Expediente	2655/2023
Código SIA	1429768
Procedemento	Contratacións
Asunto	OBRA. SIMPLIFICADO ABREVIADO - Proxecto de pavimentación dos pasillos interiores do cemiterio de Beluso. Plan Concellos 2022
Unidade Xestora	200 Administración Xeral - Unidade de Secretaría Servizos Xerais
Documento	Acta da mesa de contratación permanente da Xunta de Goberno Local
Trámite	Apertura de arquivos ou sobres electrónicos únicos: declaración responsable e oferta

ACTA I - 2655/2023

Lugar: Salón de plenos. Casa consistorial.

Data: 13.11.2023

Hora da convocatoria: 10.00 h

Hora de comezo: 10.10 h

Hora de remate: 10.28 h

ASISTENTES

- Presidente: Xosé Leal Fariña, Concelleiro delegado de Facenda, Subvencións e Contratación Pública.
- Secretaria da Mesa de contratación: Susana Miragaya González, Xefa do Negociado de Secretaría do Concello.
- Vogal titular 1º: Paula Piñeiro Camiña, Secretaria Xeral do Concello.
- Vogal titular 2º: Eva María Casal Sanjurjo, Interventora do concello

Non asiste o Vogal titular 3º: Jaime Sixto García, Adxunto a Tesourería do Concello.

ORDE DO DÍA

1. Actuacións previas: concorrencia de causa de abstención ou conflito de intereses (acto non público).
2. Acto de apertura de oferta relativa a criterios cuantificables automaticamente (acto non público).
3. Acto de valoración de oferta relativa a criterios cuantificables automaticamente (acto non público).

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.





Concello de Bueu

O Presidente declara aberta a sesión ás 10.10 horas do mencionado día ao atoparse reunidos os membros titulares da Mesa que figuran no encabezado da presente acta, xunto co Presidente e Secretaria titular do mesmo, nomeados na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 22.05.18 (Certificado núm. 2018-0177) relativo ao acordo de creación da mesa de contratación permanente da Xunta de Goberno Local (CSV: 76YRYGJADS6F24NPZCFZGFJHE) (BOPPO núm. 104 de data 31.05.18) e do Acordo de Modificación da Composición da Mesa de Contratación Permanente da Xunta de Goberno Local (Certificado núm. 2019-0011) (CSV:4HQS7QJR6J5NWAHWER5LHWYDE) (BOPPO núm. 24 de data 04.02.19) , do acordo de modificación da composición da mesa de contratación permanente da Xunta de Goberno Local (Certificado núm. 2021-0233) (CSV: 3TKLKKDNAMWHMXRSMHDGRACXF) (BOPPO núm. 185 de data 24.09.21) e do acordo de modificación da composición da mesa de contratación permanente da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 16.08.2023 (BOP núm.164 de 25.08.2023) convocados para o presente acto a través de notificación electrónica do servizo de licitación electrónica da Plataforma de contratos do sector público (en adiante, PLACSP).

1.- ACTUACIÓNS PREVIAS: CONCORRENCIA DE CAUSA DE ABSTENCIÓN OU CONFLITO DE INTERESES (ACTO NON PÚBLICO).

Neste intre, pola Presidencia advírtese da obriga dos membros da mesa de absterse de participar no procedemento de contratación de referencia nos supostos nos que conorra neles algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de Outubro de Réxime xurídico do sector público (LRXSP), ou teñan directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidera parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia, de conformidade co artigo 64 da Lei 9/2017 do 8 de Novembro, de Contratos do Sector Público; non atopándose os presentes na sesión incursos en ningunha destas circunstancias.

Os membros da mesa de contratación permanente que asisten á presente sesión formulan declaración expresa da non concorrencia neles dos motivos de abstención previstos no apartado 2º do art. 23 da LRXSP e da non concorrencia dos supostos previstos no art. 64 da LCSP.

2.- ACTO DE APERTURA DO SOBRE OU ARQUIVO ELECTRÓNICO ÚNICO QUE CONTEN A DECLARACIÓN RESPONSABLE E A OFERTA DE CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES (ACTO PÚBLICO)

A continuación, polo Presidente, de acordo co procedemento establecido na cláusula 18ª do PCAP, da lectura en voz alta das empresas que concorren a licitación electrónica segundo os datos consignados nos servizos electrónicos ofrecidos pola Plataforma de contratos do sector público, no prazo desde o 26.10.2023 ata o 09.11.2023 que resulta do anuncio de licitación publicado no perfil do contratante, exclusivamente de forma electrónica a través da Ferramenta de Preparación e Presentación de Ofertas que PLACSP, dos datos extraídos da Plataforma de Contratos do Sector Público:

IDENTIDADE	CIF	DATA E HORA DE PRESENTACIÓN	OBSERVACIÓNS
SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL	B27815182	08-11-2023 19:57	En prazo

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.





Concello de Bueu

MIÑO,SL			
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU	B36816189	08-11-2023 17:00	En prazo

Comprobada a presentación en prazo das ofertas por parte dos licitadores identificados no cadro anterior, a Secretaria da mesa da conta da comprobación efectuada no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público así como no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia de que todos os licitadores que concorren ao procedemento se atopan inscritos nalgún dos dous rexistros, dada a obrigatoriedade do mesmo ao rexerse o procedemento polo previsto no artigo 159 da Lei 9/2017 de 8 de Novembro de contratos do Sector Público que dispón no seu apartado 4º a) o seguinte: "a) *Todos os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través deste procedemento simplificado deberán estar rexistrados no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou cando proceda de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 96 no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrência.../...*"

Logo do anterior a Presidencia ordena á Secretaria da Mesa, a apertura do ARQUIVO ELECTRÓNICO ÚNICO que contén a "DECLARACIÓN RESPONSABLE E OFERTA DE CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES" mediante a introdución da correspondente clave de descifrado de ditos arquivos.

A continuación procédese ao descifrado e apertura dos SOBRES OU ARQUIVOS ELECTRÓNICOS ÚNICOS que conteñen a "DECLARACIÓN RESPONSABLE E OFERTA DE CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES" aos efectos de comprobar pola mesa o cumprimento da documentación requirida segundo a cláusula 17ª dos PCAP.

Compróbase que os licitadores que concorren presentan debidamente cuberto o modelo Anexo II de DECLARACIÓN RESPONSABLE E OFERTA DE CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES".

A Secretaria da mesa da lectura en voz alta das ofertas presentadas polas licitadoras que concorren co seguinte resultado:

IDENTIDADE	CIF	OFERTA SEN IVE (€)	IVE (€)	OFERTA CON IVE (€)
SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO,SL	B27815182	39.665,87	8.329,83	47.995,70
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU	B36816189	39.258,22	8.244,23	47.502,45

A vista do exposto, a mesa de contratación, por unanimidade dos membros asistentes con dereito a voto ACORDA: Admitir as proposicións presentadas polas empresas que concorren ao cumprir os requisitos e condicións establecidos na cláusula 17 do PCAP e ter aportado debidamente cuberto o documento de declaración responsable e oferta

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.





Concello de Bueu

segundo o anexo II.

3. ACTO DE VALORACIÓN DE OFERTAS RELATIVA A CRITERIOS CUANTIFICABLES AUTOMATICAMENTE (acto non público).

Trala apertura do sobre único que contén a proposición económica “SOBRE OU ARQUIVO ELECTRÓNICO ÚNICO “DECLARACIÓN RESPONSABLE E OFERTA DE CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES” a mesa procede a efectuar as comprobacións oportunas de acordo cos criterios de valoración sinalados consonte dispón a cláusula 13ª en relación co apartado VI.4 del CCP dos PCAP e a efectos de determinar se hai algunha oferta incurso en presunción de anormalidade, de acordo co disposto no artigo 85 RGC e no procedemento previsto na cláusula 19ª dos PCAP.

Efectuada as comprobacións de que non existen ofertas incursoas en presunción de anormalidade, a mesa de contratación procede a efectuar a valoración das mesmas consonte aos criterios de adxudicación previstos no apartado VI.4 do CCP e que se reproduce a continuación:

“Único criterio: (FACTOR PRECIO)

La mejor oferta es la que incorpora el precio más bajo

Definición, alcance y puntuación máxima:

Mejora a la baja del precio establecido: Hasta 100 puntos.

Este criterio de adjudicación se valorará objetivamente atendiendo a criterios de proporcionalidad matemática. Se otorgará la máxima puntuación establecida a la empresa que menor importe del precio ofrezca, y el resto se distribuirá proporcionalmente con arreglo a la siguiente fórmula matemática:

$$P_n = (P_m \times O_b) / O_p$$

Donde:

P_n: Puntuación de la oferta

P_m: Puntuación máxima posible (100 puntos)

O_b: Importe de la oferta más baja.

O_p: Importe de la oferta a puntuar”

O resultado da valoración seguindo o criterio de adxudicación previsto no PCAP é o seguinte:

IDENTIDADE	CIF	OFERTA SEN IVE (€)	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU	B36816189	39.258,22	100	1º
SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO,SL	B27815182	39.665,87	98,97	2º

Visto o anterior, procédese pola mesa de contratación a efectuar as actuacións correspondentes de acordo co previsto no apartado 4 f) do artigo 159 LCSP e respecto da licitadora que resulta primeira clasificada CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU con

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.





Concello de Bueu

CIF. B36816189 é dicir:

“3.º Comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, ostenta a solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso a clasificación correspondente e non está incurso en ningunha prohibición para contratar “

Consta incorporado de oficio ao expediente o certificado de inscrición de CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU con CIF. B36816189 no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público expedido en data 13.11.2023, así como o certificado de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia expedido na mesma data.

Logo do anterior, á vista dos datos que constan acreditados a través dos certificados de inscrición no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e da Comunidade Autónoma de Galicia respecto da capacidade, do poder do asinante da proposición, da inexistencia de prohibicións para contratar e de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e a Seguridade Social ,tendo en conta o procedemento previsto no artigo 159 LCSP e o disposto nas cláusulas 18 e 20 do PCAP **a mesa por unanimidade dos seus membros asistentes con dereito a voto, ACORDA:**

1º Admitir as licitadoras presentadas e que non foron declaradas desproporcionadas ou anormais consonte prevé o artigo 159 da LCSP e a cláusula 18 do PCAP e outorgar a seguinte puntuación ás licitadoras de acordo coa fórmula matemática sinalada no apartado VI.4 do CCP:

IDENTIDADE	CIF	OFERTA SEN IVE (€)	PUNTUACIÓN	CLASIFICACIÓN
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU	B36816189	39.258,22	100	1º
SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO,SL	B27815182	39.665,87	98,97	2º

2º.-Efectuar o requerimento previo á adxudicación do contrato de obra de “Pavimentación dos pasillos interiores do cemiterio de Beluso”a CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU con CIF. B36816189 de acordo co previsto na cláusula 20 do PCAP para que no prazo de 7 días hábiles aporte a seguinte documentación:

- Tendo en conta que no Rexistro de Contratistas de Galicia tan só se acredita a alta e xustificación de pagamento do Imposto de Actividades Económicas na provincia de Pontevedra para o exercicio 2021 é preciso que achegue xustificación da alta e pagamento do IAE para o exercicio 2022 (cota local ou provincial).

-Documentación acreditativa da subscrición das pólizas de seguro de responsabilidade civil de acordo coa cláusula 24.6 dos PCAP.

- Declaración responsable na que manifieste que as circunstancias reflectidas no certificado do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas e no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia que concorían na data de presentación da oferta non experimentaron variación.

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.





Concello de Bueu

-Anexo III do PCAP- Declaración de confidencialidade asinada.

- Adscrición obrigatoria de medios persoais e/ ou materiais segundo o previsto no apartado V.3 do CCP (art. 76.2 y 88.1f) LCSP): Declaración indicando identidade e cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación obxecto do contrato: Xefe de obra (indicar titulación e identidade).

Non habendo mais asuntos que tratar dáse por finalizado este acto, sendo as 10.28 h do día indicado no encabezado, do que se levanta acta que asinan todos os presentes, en proba de conformidade co seu contido, do que, como Secretaria da Mesa, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE A MARXE

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.

